

Tema III

Comunicación e Desenvolvemento.

Non existe unha referencia central para cercar a evolución teórica da ComDev (Comunicación e Desenvolvemento) O campo avanzou a partires do traballo académico e das experiencias de distintas disciplinas e perfís.

A intención de fornecer a ComDev responde a que expertos alleos ás comunidades impoñan fórmulas repetitivas e ineficaces para enfrontar necesidades sociais. A xente pode atopar respostas se ten a oportunidade de xuntarse e debater os seus problemas. Os procesos de comunicación son a maneira de abordar a complexidade dos problemas sociais, porque permiten ás comunidades definir quen son, cales son as súas aspiracións e necesidades, e como poden traballar para a mellora das súas vidas. O diálogo é o eixo da comunicación para o cambio social: intercambiar ideas, informar, influir, pero sobre todo escoitar.

A práctica é, na CoMDev, a inspiración para o traballo teórico para formular políticas e programas de desenvolvemento, ou para activar a comunicación para o cambio social. Dentro da comunicación, a participativa é esencial nas sociedades en desenvolvemento.

Así, a contribución da América Latina e de Asia foi significativa na etapa inicial da "comunicación para o desenvolvemento", por exemplo. Non obstante, o paradigma dominante na ComDev, cunha ampla voz no mundo, foi desde a Segunda Guerra Mundial o practicado por teóricos norteamericanos e tamén, polo inglés, no ámbito universitario e anglosaxón europeo, ben financiado.

Existen modelos, hai estudos anteriores, de ComDev desde a década dos 50. Dous fíos principais dominaron, até de agora, esta relación: os modelos inspirados en

teorías e técnicas de modernización derivadas das estratexias de comunicación utilizadas polos gobernos USA durante a IIª Guerra Mundial e polo sector industrial que quería posicionar os seus produtos na posguerra.

En segundo lugar, os planeamentos da comunicación que xurden da loita social e política fronte ós poderes coloniais e dictatoriais impostos aos países denominados do Terceiro Mundo, e no que o punto de referencia conceptual atópase nas chamadas teorías da dependencia.

Os modelos ao abeiro das teorías da modernización asentáanse na expansión dos mercados e na asimilación das grandes masas marxinadas ao traveso de mecanismos de persuasión e estratexias de transferencia da información e da difusión de innovacións e tecnoloxías. Son modelos verticais xerados en laboratorios de empresas privadas, axencias de *marketing* e departamentos universitarios que cren que a información e o coñecemento *per se* xeran desenvolvemento, mentres que a cultura e as tradicións locais constitúen "barreiras" para que os países do Terceiro Mundo acaden desenvolvementos similares aos dos países industrializados. Estes modelos tamén predominan na cooperación internacional até hoxendía.

Os modelos que xurdiron, pola contra, onde as loitas independentistas en África, Asia e América Latina están ligados aos sucesos políticos e sociais e, nun sentido máis amplo, aos valores e expresións de identidade cultural. Para estes modelos as causas subxacentes do subdesenvolvemento son estruturais e relaciónanse coa propiedade da terra, a ausencia de liberdades civís colectivas, a opresión das culturas indíxenas e a inxustiza social, entroutros aspectos político-sociais.

Promoven, xa que logo, o cambio social, no lugar do cambio no comportamento individual, e suxiren accións que xurden *das* comunidades e non só *para* as comunidades.

A participación das partes interesadas, locais, se consideran esenciais en todo o espectro dos modelos de comunicación alternativos, horizontais e participativos. O dereito de comunicarse e a apropiación do proceso de comunicación son fulcrais no asentamento das prácticas e teorías que asentan estes modelos.

Pola súa supremacía tecnolóxica e económica os países industrializados impuxeron a crenza de que as nacións máis pobres son, dalgún xeito, responsables da súa sorte. Os modelos asentados nas teorías da modernización suxiren que as tradicións locais impiden que as nacións en vías de desenvolvemento dean un salto á modernidade. Cren que a aspiración de toda sociedade debera ser a vida material perseguida nos países industrializados e que, para acadar ise tipo de vida, é imperativo desfacerse de crenzas e prácticas culturais que obstaculizan á modernización. Unha vida mellor lígase a unha maior produtividade nas actividades industriais: a introdución de novas tecnoloxías e coñecementos nos países pobres axudará a "analfabetos e ignorantes" a modernizarse. Suxírese que o coñecemento é un privilexio dos países ricos e que os países pobres non o teñen, polo que a transferencia de información melloraría as vidas dos pobres: os pobres en información son pobres debido a un déficit de coñecemento.

Everett Rogers, un académico norteamericano que era un dos principais propoñentes distes modelos a principios dos 60, a mediados dos 70 xa influenciado polos investigadores latinoamericanos reavaliou as súas propostas e criticou o "paradigma dominante". O seu primeiro modelo, o dos 60, denominado "difusión de innovacións" aplicouse na agricultura. Ao incrementar a produción de cultivos pola mediación de novas tecnoloxías- dicía o modelo- controlaríase a fame no Terceiro Mundo, máis tamén o seu excedente enchería de produtos agrícolas baratos o mercado de alimentos dos países industrializados.

Nalgúns dos casos empregáronse estratexias mediáticas poderosas, con obxectivos políticos evidentes.

Comunicación e desenvolvemento. Evolución do discurso e as prácticas en Latinoamérica.

Até a II Guerra Mundial falábase dunha evolución desde o "atraso" (primitividade e miseria) até o "progreso" (civilización, prosperidade e benestar) O dispositivo para chegar ao "progreso" era o "deixar facer" dun xeito providencial e imitar aos países que xa o tiñan.

Prevalecía o colonialismo como discurso e aínda non había unha conciencia clara de que as nacións que progresaran, o fixeran a expensas do atraso doutras, do mesmo xeito en que era moi visible a inequidade existente entre a poboación de cada país.

Trala II Guerra xurdiu a noción de "desenvolvemento", que significaba rexeitar o criterio de "deixar facer" nas dinámicas que poideran conducir á prosperidade e o benestar. Había que prever e organizar a intervención estatal para mellorar economicamente, co apoio da tecnoloxía .

A experiencia dos USA na posguerra auxiliando, financeira e técnicamente, aos países perdedores no seu proceso de reconstrución serviu como ideario e operativo do "desenvolvemento". Truman, no 1948, crea un programa de axuda técnica e financeira coñecido como Punto Catro a executar pola USAID (Axencia US para o Desenvolvemento Internacional)

Este programa orientábase ás infraestruturas básicas, á saúde e á educación. A necesidade de persuadir a funcionarios e beneficiarios, levou a crear unidades de

información en cooperación cos países a desenvolver. Esta é a raíz da "comunicación para o desenvolvemento"

En Latinoamérica a práctica antecedeu á teoría. Entre os 40-50 houbo unha serie de iniciativas precursoras: as radioescolas colombianas, as radios mineiras bolivianas e os programas de extensión agrícola do US nos países "sub-desenvolvidos".

As radioescolas comezaron pola iniciativa do párroco Joaquín Salcedo en Sutatenza, unha remota aldea andina colombiana, para apoiar aos labregos no fomento rural. A estratexia das "radioescolas" consistía en audicións en pequenos grupos de veciños de programas especialmente producidos para eles, auxiliados por guías capacitados que instaban a aplicar o aprendido na toma de decisións comunitarias. Tentaban mellorar a produción agropecuaria, de saúde e de educación: recepción – reflexión – decisión – acción colectiva.

Naceu así a agrupación católica Acción Cultural Popular, apoiada polo goberno e organismos internacionais. ACPO contaba cunha rede nacional de oito emisoras, o primeiro xornal labrego do país, dous institutos para formación de líderes e un centro de produción de materiais de ensino.

As radios mineiras bolivianas tiveron orixes sindicalistas e indixenistas instaurando a técnica de "micrófone aberto" ao servizo dos cidadáns. Comunicábanse en español e quechua ao traveso de rudimentarias radioemisoras de alcance curto, financiadas con cotas dos seus salarios. Enfatizaban nun discurso contra a explotación dos traballadores, pero, vista a persecución e represión de patróns e autoridades, mudaban sempre de lugar co apoio da xente, operando como "radios do pobo". Nos 50 xa formaban unha rede de 33 emisoras.

Entre os 40-50, como xa dixemos, xurdiron entre USA e os países "sub-desenvolvidos" servizos de extensión agrícola, educación sanitaria e educación audiovisual. Esta última

centrábanse nas escolas para alfabetizar en técnicas como a radio, o cine e a fotografía, mediante axentes de extensión e manuais. Tentaban concienciar ás comunidades na documentación dos lugares, recursos e complementando as campañas agropecuarias e de hixiene.

Dez anos após distas prácticas, nos USA, David Lerner do Instituto Tecnolóxico de Massachussetts (MIT) publica un estudo realizado sobre os datos de cincuenta países que fala da extinción da "sociedade tradicional" para dar paso á "modernización". Segundo Lerner, este cambio centrábanse na comunicación social e dábase en varias etapas: urbanización (aparellada á industrialización); participación da xente na comunicación masiva; alfabetismo e participación en política. As funcións da comunicación en tal proceso eran: crear novas aspiracións; apuntalar o crecemento do liderado para o cambio social; fomentar a participación dos cidadáns nas actividades da sociedade e aprenderlles "empatía"; é dicir que tiveran en conta ao Outro. A comunicación era á vez inductora e indicadora de cambio social.

Nos anos 60 Wilbur Schramm, da Universidade de Stanford e antigo xornalista, publica un estudo sobre comunicación e cambio social nos países "en desenvolvemento". Para Schramm a comunicación masiva tiña que atender as necesidades de desenvolvemento da xente. Por tanto a comunicación masiva tiña que: estar informada dos planes, accións, logros e limitacións do esforzo pro desenvolvemento; facerse partícipe do proceso de toma de decisións sobre asuntos de interese colectivo e aprender as destrezas que o desenvolvemento lle demandara dominar. Así, dicía Schramm, os medios creaban unha atmósfera xeral propicia á consecución do cambio social para lograr o desenvolvemento. A divulgación mundial destas ideas, co apoio da UNESCO, contribuiu a facer de Schramm o sumo sacerdote da comunicación para o desenvolvemento.

Derivadas en parte distas teorías estadounidenses prevalecían daquela estas formas e percepcións:

“Comunicación de apoio ao desenvolvemento”: uso dos medios (masivos, interpersonais, comunitarios) como instrumentos para acadar metas prácticas de institucións que executan proxectos de desenvolvemento económico e social.

“Comunicación de desenvolvemento”: creación, pola influencia dos medios masivos, dunha atmósfera pública favorable ao cambio que logre a modernización de sociedades tradicionais mediante o adianto tecnolóxico, o crecemento económico e o progreso material.

No 1966 outro investigador do MIT, Ithiel de Sola Pool, crea un perfil de persoalidade do home moderno e di que os medios poderían aprender á xente a adquirir as súas características: creando imaxes favorables ao desenvolvemento, entendido como modernidade; formando unha conciencia de nación; e estimulando a necesidade de actuar en múltiples escenarios.

Ao ano seguinte Lerner e Schramm publican uns traballos sobre a “comunicación e o cambio social nos países en desenvolvemento” amosando as accións no campo de organismos dos gobernos USA, Alemaña e Países Baixos, a FAO, a UNESCO, UNICEF ou a OEA, e fundacións como a Rockefeller, a Kellogg e a Ford.

A comunicación alternativa en Latinoamérica como aportación ao desenvolvemento.

As radioescolas colombianas foron un modelo en difusión na rexión. Por exemplo, en Bolivia, xa nos 50 xurdiu a radio dos indíxenas aimaras: Radio Peñas, e nos 60, co patrocinio da Igrexa Católica, créase a rede cooperativa labrega Escuelas Radiofónicas de Bolivia (ERBOL). Con ela nace a figura dos “reporteiros populares”, voluntarios rurais aos que se capacitaba como correspondentes. Nos

70, ERBOL reorienta o seu enfoque para favorecer unha educación integral e participativa identificada coa democracia. Nos 80 a rede, de ampla intervención indíxena, asume a loita dos pobres e marxidados, o que provocaría a represión gubernamental contra as súas operacións.

O desenvolvemento da radio popular acadou cotas de apropiación importantes e novas estratexias até o momento non exploradas do medio como, por exemplo, a denominada “cassette foro rural” creada en Uruguai por Mario Kaplún, un recurso sinxelo para cooperar na distancia. Outra foi a das “cabins radiofónicas”, postos de gravación no territorio labrego en Latacunga, Ecuador, para dar a oportunidade de enviar mensaxes a unha emisora central que os divulgaba. Colombia e México distinguíronse polo uso da radio como instrumento de apoio á instrución formal na aula, mentres que El Salvador o fixo coa televisión. En México, tamén ensaiaron o emprego da telenovela para educar na saúde reproductiva e en Brasil grupos de periodistas crearon a estratexia da “prensa nanica” (en miniatura) conformada por pequenos xornais, case clandestinos, como expresión de resistencia ás dictaduras castrenses.

No Perú o mestre de escola, Miguel Azcueta, promoveu en Villa El Salvador, un barrio limeño sobrepoblado por indíxenas migrantes, a conformación dun sistema de múltiples medios alternativos: dos xornais murais e boletins en mimeógrafo, pasaron ao cine en sitios públicos, usaron a radio e chegaron a contar con canle de televisión. Nos 50 xa utilizaran en Bolivia un “cine xunto ao pobo”, indixenista, con documentais de Jorge Ruíz e Jorge Sanjinés que contribuiría a sentar as bases do “Movimiento del Nuevo Cine Latinoamericano”. Festivais de música e baile, feiras, teatro de rúa e títeres foron procedementos empregados para dicir o que os medios masivos non dicían.

Latinoamérica: que desenvolvemento e para quen?

Adoptado, un modelo de desenvolvemento patrocinado por USA e Europa Occidental, con cego optimismo polos gobernos de América Latina desde fins dos 40, até os 60 non comenzaron a rexistrarse indicios de inoperancia de aquel paradigma. Economistas e sociólogos iniciaron un cuestionamento crítico ao modelo: a Teoría da Dependencia destacou, entón, a inxustiza do intercambio comercial de materias primas, bens e servizos da rexión con USA. Vender barato materias primas e mercarlle caro produtos manufacturados producía un déficit crónico naqueles países. A Teoría da Dependencia sostiña que mudando isa estrutura dependente podería haber un desenvolvemento efectivo e democrático. Nos 70 o fracaso do modelo USA fíxose evidente na crise do petróleo, con consecuencias graves para Latinoamérica nun proceso de débeda e máis sub-desenvolvemento acentuado en parte polos intercambios comerciais con USA. Intelectuais como Luís Ramiro Beltrán e Juan Díaz Bordenave propuxeron outras maneiras de entender o desenvolvemento falando de mudas na economía e a cultura en condicións dignas, democráticas e comunitarias. A Declaración de Cocoyoc, México, constituiu un manifesto político rexional que formulou bases para un desenvolvemento máis humano, equitativo e democrático. A Fundación Daj Hammarskjöld (Suecia), en 1975, presentou á ONU unha proposta dun modelo mundial para “outro desenvolvemento” que tiña como premisa fundamental o cambio estrutural para a desconcentración do poder. Ao ano seguinte a Fundación Bariloche, arxentina con apoio canadiano, difunde o “Modelo Latinoamericano Mundial”, que pide o cambio estrutural baseado na equidade, na participación popular da toma de decisións e na protección do medio ambiente. Pero ningún goberno prestou atención a estas proposicións

e o sistema de desenvolvemento antidemocrático seguiu da man do empobrecemento e do autoritarismo dos rexímenes dictatoriais.

Nos 70 moitos pediron o cambio de situación e emprenderon nos foros académicos, lexislativos e internacionais unha forte concienciación con argumentadas bases conceptuais que deron en formulacións como as “Políticas Nacionais de Comunicación” (París, 1971), ou os informes da UNESCO (Bogotá, 1974; San José, 1976) respecto de proposicións normativas da liberdade de expresión, protestadas duramente polos propietarios de medios. En Costa Rica, Declaración de San José, fundamentouse o credo oficial da comunicación alternativa para a construción democrática. Esta declaración de recomendacións sobre as políticas nacionais, que debían ser pluralistas e cooperativas, atopouse coa presión obstrutiva do sistema empresarial sobre o político en países como Venezuela, Perú ou México, asentando status quo político-mediáticos antidemocráticos.

A controversia alimentouse tanto polo chamado Movemento dos Países Non Alineados, co liderado xugoeslavo e árabe, ou mesmo polas bases da Igrexa Católica que condeban o mantemento do modelo hexemónico de desenvolvemento. Por fin en 1980, na UNESCO créase a Comisión McBride que no seu Informe acolle grande parte do pensamento anovador da comunicación como ferramenta democrática, aínda que na práctica posterior os países desenvolvidos deron ao traste con istas ideas e compromisos.

Os cambios do modelo comunicativo e o desenvolvemento.

No campo académico da comunicación dos anos 70 comezou a cuestionarse o modelo clásico de comunicación e a propór o seu remprazo. É dicir, aquel "quen di que en cal canle a quen e con que efecto" de Lasswell, logo

refinado por Schramm e Berlo en "fonte-mensaxe, canle-receptor-efecto", foi desmontado ao percibiren nel un proceso unidireccional, monolítico e vertical-impositivo de transmisión de mensaxes de fontes activas a receptores pasivos para lograr os efectos que os primeiros desexan.

Obxetándose por mecanicista, autoritario e conservador, os comunicólogos repensaron a natureza do fenómeno da comunicación en función da súa realidade económica, social, política e cultural. Pasquali, Freire (que criticaba o modelo de "extensión agrícola" para a comunicación e a educación), Gerace (conceptos de "concientización" e de "comunicación horizontal"), Kaplún, Prieto, Reyes Matta ou Roncagliolo, entre outros, desenvolveron fórmulas de achegamento á realidade comunicativa e ao desenvolvemento. Máximo Simpson, por exemplo, deseñou as características da "comunicación alternativa", tamén chamada "dialóxica", "popular" ou "participativa", enunciando as súas características: acceso amplo dos sectores sociais aos sistemas; propiedade social dos medios; contidos favorables á transformación social; fluxos horizontais e multidireccionais de comunicación; produción artesanal da mensaxe.

Completouse o peso específico da conciencia crítica no desenvolvemento de redes e organizacións da comunicación como o CIESPAL, que rexeitaba analizar as prácticas da comunicación baixo modelos foráneos.

Pero nos 80 irrumpiron na escena o poder neoliberal e a globalización, como sistemas e discursos que mudaron en parte as bases estruturais da economía, da política, da cultura e da comunicación no mundo. Os centros de poder prometeron, logo, a aurora do "desenvolvemento universal", xusto antes da peor recesión logo da de 1929, que tivo consecuencias devastadoras para os países "sub-desenvolvidos" e afectou gravemente a algúns dos "desenvolvidos". A crise deu en terra con calquera expectativa de desenvolvemento real e sumiu ao mundo

nas graves consecuencias do aumento do desemprego e a miseria, a fuga de capitais e a imposición de barreiras proteccionistas. As inversións en saúde e educación foron recortadas. O modelo de mercado substitutivo do modelo de estado resultou catastrófico, xerando regresións graves nos programas de desenvolvemento. As minorías dominantes pasaron factura ás maiorías dominadas da súa propia incapacidade.

Sen embargo a década foi prolífica en traballos: a teoría da democratización da comunicación (Bordenave), os principios de comunicación para o desenvolvemento participativo rural, as relacións entre democracia e participación (Gutiérrez), a mediación pedagóxica alternativa a distancia (Prieto), etc... até a proposta de Martín-Barbero sobre a comunicación popular e o seu nexo co desenvolvemento, sostendo que a comunicación é un fenómeno máis de mediacións que de medios, unha cuestión máis de cultura e que, por tanto, habería que vela desde a recepción das mensaxes en vez de vela só desde a emisión de mensaxes: “Y estamos descubriendo estos últimos años – acotou – que lo popular no habla únicamente desde las culturas indígenas o las campesinas, sino también desde la trama espesa de los mestizajes y las deformaciones de lo urbano, lo masivo”.

Nos 90, Pasquali fala da posible resposta latinoamericana á grave situación da comunicación fronte ao poderío tecnolóxico e económico dos países desenvolvidos, e Esteinou e Uranga aportaron lecturas dos procesos de comunicación no libre mercado e no uso das novas tecnoloxías. Rosa María Alfaro publica a súa proposta de “unha comunicación para outro desenvolvemento” que percibe como fenómeno de relación sociocultural e non só como recurso tecnolóxico para producir efectos no comportamento humano, ademais de considerala válida por si mesma e non simplemente como complemento dos programas de desenvolvemento. Armas Castañeda, propón

tamén revalorizar a virtude estratéxica da comunicación no proceso de desenvolvemento contribuíndo a construír cidadanía e fomentando a participación protagónica do pobo. Pereira, Bonilla e Benavidez propoñen, a fins da década, que a comunicación cumpra outros roles como fornecer a capacidade expresiva da xente e facilitar o intercambio para xerar tecido social, e Pineda fai notar que a irrupción das tecnoloxías telemáticas agrandan a fenda do subdesenvolvemento, o que debe obrigar a reformular políticas de comunicación democrática desde a perspectiva da poboación marxinada.

No 98 Fraser e Restrepo-Estrada publican en Londres unha tese sobre a comunicación e o desenvolvemento no mundo, sulíñando a necesidade do cambio de conducta para asegurar a sobrevivencia. Indicaban o papel da comunicación na participación democrática para lograr aquel cambio e o nacemento dunha estratexia de mobilización social (desenvolvemento rural, planeamento familiar e a escada nacional e usos creativos dos medios) e advertindo da necesidade de creación de pemes con participación comunitaria como rede comunicativa. Aillón Valverde pola súa banda fala dunha nova perspectiva do rol da comunicación para o desenvolvemento como instrumento de "control cultural", como a capacidade das persoas para resistir, por influencia do seu entorno social, a imposición dunha cultura allea á súa.

Após da fronteira do milenio a UNESCO desenvolve análises sobre a comunicación no desenvolvemento urbano (Miralles) e na cultura da paz (Exeni) O balanço crítico de Alfaro, no 2004, sobre culturas populares e comunicación participativa serviu como orientación para realizaren axustes acordes as mudas económicas e políticas na entrada so século, e Canclini, no mesmo ano, sinala o cambio de axenda das industrias culturais advertindo da subordinación dos produtos culturais, nacionais e locais, a unha reorganización transnacional,

formulando a necesidade dunha defensa da diversidade cultural como eixo para unha sociedade do coñecemento. Mastrini verificou a crecente concentración da propiedade dos medios en mans duns poucos que dominan os mercados en tanto que os estados carecen da resolución e vigor necesarios para instaurar políticas culturais.

Flores Bedregal fala sobre a "comunicación para o desenvolvemento sustentable" que define as funcións da comunicación nise proceso como: promover o desenvolvemento sustentable nas súas múltiples dimensións e en diversos ámbitos; propiciar unha nova ética de equidade e respecto ao medio ambiente, á diversidade biolóxica, cultural e aos dereitos humanos, especialmente no caso das minorías; servir como vehículo de expresión e participación social e política dos cidadáns; ser instrumento para o diagnóstico e a solución dos problemas locais de comunidades; potenciar o emprego de canles locais de comunicación e propiciar o uso das novas tecnoloxías polos grupos sociais máis desfavorecidos; contribuir á articulación dos procesos comunicativos. Carlos Camacho reflexionou sobre o dereito á información como práctica de formación e desenvolvemento da "cidadanía comunicativa", concepto sobre o que propuso un modelo. Gumucio-Dagron alertou da diferenza universal entre "os de arriba" e "os de abaixo" en canto ao dereito á información e ao dereito á comunicación.

A comunicación para o cambio social.

As virtudes da comunicación para promover a construción do desenvolvemento democrático, tanto na teoría como na práctica operativa, manteñen a súa vixencia a estas alturas pesie ao desaproveitamento e indiferencia xeralizada que dela fan as elites político-mediáticas e até as organizacións non gubernamentais.

Algúns organismos, fundacións e gobernos, sen embargo, apoian técnica e financieramente, segundo tamén os seus

intereses. O departamento de Comunicación da Fundación Rockefeller propiciou iniciativas desde a perspectiva da “comunicación para o cambio social” entendendo por tal “un proceso de diálogo, privado e público, ao traveso do cal os participantes deciden quen son, que queren e como poden obtelo.” Diste concepto xurde a formulación de que as comunidades deben ser actoras protagónicas do seu propio desenvolvemento, de que a comunicación non debe ser necesariamente sinónimo de persuasión senon primordialmente mecanismo de diálogo horizontal e intercambio participativo e que, envez de centrarse en forxar conductas individuais, debe facelo nos comportamentos sociais concidentes cos valores e normas das comunidades. A Fundación Rockefeller, en alianza principalmente con Communication Initiative e Panos London, propiciou o establecemento dunha entidade para dar proxeción universal e impacto ás tarefas do novo enfoque da comunicación para o desenvolvemento: o Consorcio de Comunicación para o Cambio Social desde onde brinda os seus servizos a Africa, Asia e América Latina. É unha rede mundial de profesionais da práctica, a investigación e a docencia de comunicación que axuda a forxar a capacidade de comunidades marxinalizadas para crear e manexar procesos de melloramento da súa vida ao abeiro da democracia, a equidade e a tolerancia.

Hoxe, a situación da grande maioría dos cidadáns é máis deplorable que a dos anos 70: o desenvolvemento democrático non se produce, a dominación interna segue perpetrándose e a dependencia externa é moito maior que nunca antes. A situación da comunicación non é mellor. “Estamos, – afirma por exemplo, Gumucio – peor en muchos sentidos: la concentración de medios en pocas manos es mayor que antes, la privatización de las frecuencias y de los medios del Estado ha eliminado casi completamente a la radio y la televisión de servicio público. Por influencia de las grandes empresas multinacionales ya

no se discute la información como un hecho cultural y social sino como un hecho de mercado.”

Materiais:

Beltrán. Luís R. (2005) La Comunicación para el Desarrollo en Latinoamérica: un recuento de medio siglo. Buenos Aires: III Congreso Panamericano de la Comunicación.

Gumucio-Dagron, Alfonso e Thomas Tufte (comp.) (2008) Antología de Comunicación para el Cambio Social: lecturas históricas y contemporáneas. South Orange, N.J.: Consorcio de Comunicación para el Cambio Social